

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4**

### **SESION EXTRAORDINARIA 21 DE MARZO DE 2014**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos.  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinteún de marzo do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación

legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

**1(37).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 1277/103. (862/1101)**

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 19 de marzo, propuxo para o presente ano 2014 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade ó Pleno do Concello a concesión de Medalla da Cidade ao Naval de Vigo.

Por escrito de data 19 de marzo de 2014, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe-proposta:

*“Asunto: Concesión Medalla da Cidade 2014*

O RD 2568/86 que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

O Regulamento de Honores e Distincións aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece como distinción (art. 7º) a Medalla da Cidade que se poderá propoñer (art. 3º) por moción da Alcaldía ou grupo político, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros igual á maioría absoluta.

A Excma. Corporación propón ao Naval de Vigo para a concesión da Medalla da Cidade. Esta institución está presente en boa parte da historia da cidade olívica durante a Idade Moderna e Contemporánea, o que fai que os vigueses a consideren como un dos seus principais sinais de identidade, non só pola importancia das cifras da súa industria senón pola diversificación das empresas navais, que desenvolven dende construción de barcos pesqueiros, quimiqueros, buques de apoio ou plataformas petrolíferas. Este feito posibilitou que Estaleiros e firmas auxiliares fixeran da cidade un dos principais referentes do Naval na Comunidade Económica Europea.

Por isto, de conformidade coa Xunta de Voceiros, propónse ó Pleno da Excm. Corporación a adopción do seguinte acordo...”

O Xefe de Protocolo e RR.PP. formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Na Xunta de Voceiros trasladouse por parte do voceiro do Grupo Socialista a proposta da Medalla da Cidade, non habendo ningún informe proposto por escrito neste momento no que se nos trasladaba a proposta de conceder a Medalla da Cidade ás empresas do Sector Naval, especificamente ás Empresas Estaleiros tal e como recolleu o Secretario Xeral, do sector naval.

Era unha situación inédita, a primeira vez que se concedía unha Medalla da Cidade a un sector económico, non a unha persoa física, ou a unha entidade tal e como recolle o Regulamento, senón a un sector económico, o cal provocou certa confusión porque xa nos manifestamos que entendíamos que era un precedente que complicaba a comprensión da concesión da Medalla da Cidade. Neste caso estamos falando dun sector que está sufrindo nesta cidade, unha crise moi grave na que hai miles de traballadores que están no desemprego, no que segue sen haber carga de traballo, no que os traballadores seguen saíndo á rúa e seguen concentrándose solicitando carga de traballo, no que hai moitos traballadores/as que están regulados que non teñen ningún tipo de prestación nin subsidio e que son ademais os que levan durante anos defendendo o sector naval, un sector importante para a cidade e que está sufrindo esta crise precisamente por decisións políticas que nos levaron a esta situación. Eses traballadores/as dirixíronse noutras ocasións tamén a este Concello como no momento de demandar unha solución política ao “tax lease”, foron apoiados e nós entendemos que son precisamente os traballadores/as do sector naval os que terían que recibir en todo caso esta medalla da cidade porque son os que seguen loitando agora mesmo na rúa e os que seguen demandando a recuperación dun sector que dende logo está moi lonxe de ser un sector que estea recuperado.

Por iso, nós o que propoñemos é que a Medalla da Cidade sexa concedida aos traballadores/as do sector naval, só así entendemos que esta medalla teña algún sentido, neste caso cando nos estamos referindo a un sector en crise no que moitas persoas están atravesando unha situación moi complicada. Doutra maneira nós non podemos entendelo, non podemos compartilo, hai responsabilidades políticas na situación do sector naval e unha Medalla da Cidade non pode ser utilizada para clausurar ou pechar supostamente unha situación de crise que segue a existir a día de hoxe.

PRESIDENCIA: En todo caso debo clarexarlle cunha cuestión de orde que a proposta é a que figura no texto, non é a que vostede di, a proposta di: conceder a Medalla da Cidade, Reconquista do 2014, ao Naval de Vigo, di ao Naval de Vigo en consideración ao seu papel preponderante no desenvolvemento da cidade pola importancia no entorno europeo, tanto polo seu nivel tecnolóxico como pola súa importancia laboral. Este é o acordo que estamos sometendo a votación, non é ningún outro, é este. Un clarexamento en termos estritamente do que se está decidir neste momento.

SR. LÓPEZ FONT: Certamente debo recoñecer que sorprende esta proposta de acordo que se trae, primeiro porque rompe cun consenso de seis anos nos que levamos entre os tres grupos, francamente ben as propostas de Medalla de Ouro da Cidade e de Vigueses Distinguidos, polo tanto isto non o entendemos. Entendémolo menos cando na Xunta de Voceiros logrouse un acordo, mais alá das opinións de cada un, sobre o que se trae a este Pleno, eu ía ler outra vez o texto do acordo pero xa non o vou facer porque a proposta que fai, engadida hoxe por parte do Bloque Nacionalista Galego, xa está na proposta de acordo que se somete aquí, porque efectivamente todo é importante no sector naval que foi, é e será básico para esta cidade. Pero o importe son os traballadores, efectivamente, e nós cando se propón esta proposta de Medalla estamos pensando en todo o Sector Naval, pero primeiro, como sector numérico que é o maior, e segundo, como soporte desta industria efectivamente que son os traballadores, aquí ninguén debe de arrogarse a representatividade exclusiva dos

traballadores, ninguén. O que si é certo é que defendemos o que esta cidade cando se da a medalla da cidade sexa a un sector económico e máis ala de que se dera con anterioridade ou non, parécenos moi importante porque é un recoñecemento, un aliciente de futuro e creo que isto foi recibido ben por toda a cidade e sobre todo polos grandes protagonistas que son os traballadores.

Loitando, Sra. Veloso, polo sector naval estamos todos, o que pasa que uns loitamos máis que outros, entón a nós ninguén nos pode dar leccións sobre o que estamos defendendo ao sector naval, porque fíxese o paradoxo, eu estou convencido de que isto foi ben recibido nos sindicatos porque se senten protagonistas pero é que se eu fixera caso, se nós fixeramos caso ao Secretario Xeral da CIGA que dicía que a Medalla de Ouro habería que darlla ao Alcalde pola súa defensa do sector naval, aí se que estaríamos facendo partidismos.

Trouxemos á Xunta de Voceiros unha medalla que recoñece a un sector económico, básico na cidade, isto non é política, isto é defender a traballadores que están nunha situación de desemprego e polo tanto a nós si nos importa a cidade.

Dáme a impresión de que a outros non lles importa a cidade pero cando fixemos a proposta, estamos en defensa dun gran sector económico e seguro que con este recoñecemento collen alas.

SR. FIGUEROA VILA: Dende logo nós estamos sorprendidos, o noso grupo hoxe está sorprendido non no fondo senón nas formas, eu creo que ninguén cuestiona o fondo desta Medalla de Ouro da cidade, ninguén, polo que significa o naval, polo que significou, pola cantidade de reivindicacións que se fixeron dende tódolos grupos políticos de tódolos sectores desta cidade, nos sentímonos realmente satisfeitos do apoio que sempre lle prestamos ao Naval, e ao noso entender creo que fixemos o traballo político que tiñamos que facer sempre, xa antes, e agora esperemos no futuro, eu non vou entrar agora aquí a facer unha relación de quen é mellor se ti máis, se ti menos, o que está claro é que todos atopámonos un punto de encontro de apoio ao Naval nos últimos anos.

Nós acudimos a moitas manifestacións do Naval, pero iso non quere dicir que cando se da unha Medalla de Ouro da Cidade, fíxose unha proposta na Xunta de

Voceiros, eu quero deixalo claro na Xunta de Voceiros o único que se formulou é cal sería o formato de entrega desa medalla. Entón a min paréceme que se houbera que facer algunha protesta ou algunha reivindicación, a Xunta de Voceiros debería ser o foro para tratar este tema e agora non estar debatendo ante a opinión pública nun Pleno da Corporación da Cidade de Vigo que estamos dando unha imaxe lamentable, eu dígoo como o sinto, lamentable. Paréceme que a Medalla de Ouro da Cidade no pode pasar por un enfrontamento entre os grupos políticos, eu creo que non me estraña que moita xente pense o que pensa de nós porque chegar a un Pleno da Corporación cinco minutos antes e facer unha proposta, a que sexa, xa non entro nin a valorala porque ademais eu tiña a lectura tamén do texto e o texto está claro que abarca todo e o di claramente, non é repetilo, conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2014 ao Naval de Vigo en consideración ao seu papel preponderante no desenvolvemento da cidade e pola súa importancia no entorno europeo tanto polo seu nivel tecnolóxico como pola súa importancia laboral.

Eu creo que isto abarca a todos, eu síntome identificado con este texto, o noso grupo tamén e aos que representamos nós tamén, e eu creo que os traballadores do naval tamén se senten representados por este texto, os empresarios, os responsables políticos e sindicais tamén. Eu dende logo non recibín ningunha queixa de ninguén que me dixera que non lle déramos a Medalla de Ouro da Cidade ao sector do naval, a ninguén, senón todo o contrario, algún na rúa díxome xa era hora que un sector tan importante como este na cidade tivese un recoñecemento. Isto é un recoñecemento a un traballo, a unha reivindicación, a momentos difíciles que pasaron e que parece como se estiveramos entregando un trofeo nunha olimpíada, isto é moito máis, é un sentimento. Eu creo que están entregando unha Medalla de Ouro na cidade a un sentimento que temos moitos, eu lembro de pequeno cando ía ao colexio había xa manifestacións, eu non o entendía e preguntáballe a meus pais porque pasaba iso, pois iso é co que vivimos os vigueses e creo que agora que chegamos a un acordo tódolos grupos políticos romper este acordo, eu dende logo hoxe síntome totalmente defraudado e decepcionado.

VOTACIÓN.- Con vinte e catro votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2014, ao Naval de Vigo en consideración o seu papel preponderante no desenvolvemento da cidade e pola súa importancia no entorno europeo tanto polo seu nivel tecnolóxico coma pola súa importancia laboral.

**2(38).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 1278/103. (863/1101)**

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 19 de marzo, propuxo para o presente ano 2014 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade ó Pleno do Concello o nomeamento dos seguintes Vigueses Distinguidos:

- Club Rápido de Bouzas
- Colegio Marista “El Pilar” de Vigo
- Proxecto Educativo e Deportivo Seis do Nadal
- Dolores Galovart Carrera
- Francisco Javier Pitilla Torra

- Josefa Martínez Alonso
- Manuel Mera Sanchez

Por escrito de data 19 de marzo de 2014, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe:

“Asunto: Nomeamento Vigueses Distinguidos ano 2014

O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5º.3 do Regulamento de honras e distincións, aprobado por acordo plenario do 29 de setembro 1981, a Comisión de Goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido”, para galardoar á “persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ó longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo nalgúns casos persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría”.

A facultade do nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos municipais no seo da Xunta de Voceiros.

As notas bibliográficas das persoas e institucións propostas son as seguintes:

#### **CLUB RAPIDO DE BOUZAS**

Fundado en 1904 xogou na terceira división dende 1913. Foi campión da serie B da segunda división a nivel estatal e conta na súa andaina cos títulos de campión de Galicia de Aficionados, de Terceira División e Campión de Galicia. Forma asemade, as novas xeracións con 26 equipos de categoría base, reunindo 400 xogadores en total. É tamén unha nas sinales de identidade da vida de Bouzas

#### **COLEGIO MARISTA “EL PILAR” DE VIGO**

O 12 de novembro de 1913 iniciouse na súa labor educativa na cidade de Vigo. Seis irmáns maristas moi xoves e os primeiros 29 alumnos compartirían vida, traballo e ilusións na aula alugada no edificio que os Condes de Torrecedeira tiñan entre as rúas Policarpo Sanz e Velázquez Moreno (na actual sede social da Fundación Caixanova). Por aqueles anos o Colexio levaba o nome de “Colegio Políglota Mercantil Sagrado Corazón de Jesús”. En setembro de 1928 trasladáranse definitivamente á finca da Areosa, comprada uns anos antes. O número de alumnos creceu e se habilitaron instalacións máis espazosas e



saudables. Este centro ábrese a todas as familias, calquera que sexa as súas crenzas e a súa procedencia, sempre dentro do seu ideario e proxecto educativo, xa que os nenos son o eixe da súa organización e o centro de interese da vida escolar. Dende 1941 denominarase “Colegio El Pilar” e en setembro de 1966 xa se incorporan mestres/as seculares. Para a celebración de actividades deportivas se fixeron novas instalacións en xuño de 1984.

Dende setembro de 1990 é un colexio mixto onde profesores, e alumnos comparten ilusións e esforzos.

### **PROXECTO EDUCATIVO E DEPORTIVO SEIS DO NADAL**

Fundado en 1982 no Barrio de Coia en pleno crecemento e expansión facilitou, a medio da súa asociación de pais de alumnos, o rexurdimento de moitas iniciativas que impulsaron tanto o asociacionismo como a adicación do tempo libre dos nenos, acollendo, dende sempre actividades culturais, recreativas e deportivas. Especialmente neste eido se converteu no impulsor da actividade deportiva en todo o Barrio.

A labor desenvolvida por este centro cubriu as expectativas socio-educativas de boa parte do entorno

Contribuíu a promoción das actividades deportivas máis alá do propio Barrio.

### **DOLORES GALOVRT CARRERA**

Naceu en Huelva o 5 de xaneiro de 1955, é Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e conta cunha ampla experiencia como maxistrado en Vigo, Ferrol e Ponteareas. Ademais exerceu como Vicevaledora dende o ano 2005 ata o ano 2012.

Desenvolveu a avogacía durante dez anos, despois foi maxistrada substituta na Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Castilla e León e posteriormente pasou a ser maxistrada substituta adscrita ó Tribunal Superior de Madrid sección VII da Audiencia Provincial.

### **FRANCISCO JAVIER PITILLA TORRA**

Naceu en Vigo e Diplomado en Filosofía e Teoloxía da Facultade San Vicente Ferrer de Valencia. É técnico especialmente en adaptación social e monitor nacional de atletismo. Adícase dende hai oito anos a ser guía de persoas sordo-cegas e dende o ano 2009 ven desenvolvendo o proxecto Dis-Camino:percorrido do Camiño de Santiago con persoas de distintas velocidades en triciclo tandem.

O seu compromiso e adicación as persoas con diversidade funcional, especialmente centrado do sector sordo-cegura e parálise cerebral, acadou facer realidade os sonos de moitos nenos e nenas que conseguen así desenvolverse persoalmente.

### **JOSEFA MARTÍNEZ ALONSO**

Propónse a concesión a título póstumo.

Naceu o 19 de marzo de 1947 na parroquia de Zamáns e sendo moi nena xa colaboraba no traballo da casa e do campo.

Persoa de grandes inqedanzas sociais se incorporou ao asociacionismo en Zamáns e iniciouse na ANPA do colexio Sobreira de Valadares, da que máis tarde

será presidenta. Foi despois membro da directiva da Asociación Veciñal de Zamáns, da que sería vicepresidenta. Esta muller implicouse activamente na Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos, impartindo formación de mediación. A súa entrega e adicación persoal a calquera problema foron mostra da súa xenerosidade, da súa capacidade de traballo desinteresado e da súa implicación no traballo social.

### **MANUEL MERA SANCHEZ**

Naceu o 1 de febreiro de 1946 en Seoane (Allariz) e ós 5 anos emigra a Bos Aires (Arxentina) cos seus pais. En 1967 participa na Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, e ese mesmo ano ingresa na Irmandade Galega, da que será secretario entre 1969 e 1972. Tamén neses anos formou parte da directiva da sociedade "Residentes de Vigo".

Durante eses anos cursou estudos de técnico electromecánico. Compatibilizando co traballo en diversas fábricas e cursou tamén estudos de socioloxía.

A finais de 1972, coincidindo coa folga xeral da comarca de Vigo, volve a Galiza, onde se incorpora á loita política contra a ditadura franquista. Funda Estudantes Revolucionarios Galegos, e participa nos primeiros xermolos do sindicalismo nacionalista galego. Nestes anos traballa en diversas empresas e en 1977 será elixido delegado sindical na empresa Planosa de Vigo.

Neste ano 1980 unifícanse a INTG e a CXTG, dando lugar á Confederación Intersindical Galega (CIG), da que pasa a ser o seu Secretario Confederal, e a partir de 1997 é designado Presidente da central sindical, cargo que ocupará até o ano 2001. Foi membro da Executiva Confederal da CIG desde a súa fundación até o seu V Congreso, celebrado en 2009.

Actualmente é director e secretario do Padroado da Fundación Moncho Reboiras para o estudo e a divulgación da realidade social e sindical na Galiza (FESGA), entidade dependente da CIG.

Ten publicados preto de 2.900 artigos, especialmente en publicacións diarias, desde o primeiro artigo en 1968 en *A Nosa Terra*, editado pola Irmandade Galega de Bos Aires. Actualmente é columnista nos xornais *La Región*, *Diario de Ferrol*, *Ideal Gallego*, *Sermos Galiza*, *Galicia Hoxe* e *Diario de Arousa*.

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, adóptase de conformidade coa proposta formulada pola Xunta de Voceiros, o seguinte

ACORDO:

Conceder o título de Vigués Distinguido, Reconquista 2014 ás seguintes persoas e institucións:

- Club Rápido de Bouzas

- Colegio Marista “El Pilar” de Vigo
- Proxecto Educativo e Deportivo Seis do Nadal
- Dolores Galovart Carrera
- Francisco Javier Pitilla Torra
- Josefa Martínez Alonso
- Manuel Mera Sanchez

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e trece minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.